

Comunicado nº 009/19  
16 de xaneiro de 2019

#### **ROOKIES CUP GALICIA. PREGUNTAS FRECUENTES:**

##### **Qué é a Rookies Cup Galicia?**

É unha categoría de iniciación ao karting infantil que en 2019 celebra a súa cuarta edición.

##### **Con qué idade se pode participar?**

Entre os catro e sete anos, cumpridos na data da primeira proba na que participen.

##### **Qué preciso?**

- Licenza federativa.
- Equipamento karting (casco, mono, collarín, luvas, protector costillar...).
- Kart.

##### **Qué Kart preciso?**

- Un chasis comercial da categoría baby, alevín ou cadete. Sen importar o ano de homologación.
- Un motor Honda GX35 T.
- Un xogo de pneumáticos Bridgestone.

##### **Qué pneumáticos utilizar?**

- Un só xogo de pneumáticos para toda a tempada, fornecidos, marcados e controlados pola organización.
- Pneumáticos Bridgestone YLJ. A experiencia de anos anteriores demostra que son máis que suficientes para afrontar toda a tempada.

##### **Prezo estimado do material a empregar.**

- Mono novo, dende 60€.
- Casco novo, dende 70€.
- Equipación completa nova (mono, botas, luvas, collarín e protector), dende 160€.
- Licenza federativa de piloto, 130€.
- Kart completo novo, listo para correr, entre 1.500 e 1.800€.
- Kart usado, entre 800€ e 1.200€.
- Chasis usado, entre 300€ e 500€.
- Motor usado, uns 200€.
- Xogo de pneumáticos 145€. Entregados novos na primeira carreira, válidos para todo o ano.

##### **Hai ofertas de packs completos?**

Sí! Pack Rookies 2019, un kart novo, con pneumáticos marcados para o Campionato 2019, e as inscricións para todo o Campionato, 1.900€.

[http://www.fga.es/wp-content/uploads/2018/12/255\\_21\\_12\\_2018.pdf](http://www.fga.es/wp-content/uploads/2018/12/255_21_12_2018.pdf)

##### **Hai algunha axuda federativa?**

Sí! A Beca Promoción Karting 2019, dez becas pola Federación Galega de Automobilismo en 2019.

[http://www.fga.es/wp-content/uploads/2019/01/252\\_17\\_12\\_2018.pdf](http://www.fga.es/wp-content/uploads/2019/01/252_17_12_2018.pdf)

##### **Cómo podo informarme?**

- Podes poñerte en contacto con nós por medio de teléfono (628 867 959), email ([onesevenracing@gmail.com](mailto:onesevenracing@gmail.com), [escuelamaskarting@gmail.com](mailto:escuelamaskarting@gmail.com)), redes sociais.
- Podes vir a vernos, e conversar con nós, facemos adestramentos colectivos, carreiras sociais, carreiras do Campionato... ¡Serás benvido!

##### **Cómo podo comezar?**

Podes concertar unha cita para probar un kart ou realizar un curso de karting.

##### **Podo rodar sen kart propio?**

Podes alugar un kart para a ocasión. Tamén o equipamento preciso.

##### **Preciso coñecementos de mecánica?**

Non! Son chasis sinxelos e motores robustos. As tarefas son repostar, engrase de cadea e limpeza.

##### **Podo facelo eu mesmo?**

Sí! Non precisas coñecementos de mecánica. Podes facer uso na Carpa Rookies Box onde contas ca axuda, as ferramentas, gasolina e subministros necesarios.

##### **Canto custan as inscricións?**

Por cuarta edición mantéñese o prezo das inscricións 50€ para cada proba.

##### **Cantas carreiras compoñen a Rookies Cup 2019?**

- Seis probas, nos circuitos de As Pontes, Forcarei e A Pastoriza.
- Coincidindo coas demais categorías do Campionato de Galicia de Karting.
- Entre os meses de Marzo e Outubro, (Agosto sen probas).

##### **Por qué comezar na Rookies Cup?**

- Porque conta cunha grella numerosa de pilotos xoves.
- Porque aprenderás e disfrutarás xogando ás carreiras".
- Porque o ambiente é excepcional.
- Porque hai premios para tódolos participantes.
- Pola sinxeleza mecánica, cun regulamento sinxelo e estable, e as carreiras emocionantes.
- Porque é completamente seguro, polas prestacións dos motores e pneumáticos, os circuitos nos que corremos, e a organización envorcada na categoría.

